

Xornada en liña: En modo conversa

# Álvaro Negro, Juan de Nieves: sobre a idea de "exposición"

24 de novembro de 2020

Consello da Cultura Galega

No contexto artístico actual faise patente que a figura do comisario adquiriu maior protagonismo; feito que podemos constatar máis aló dos aspectos positivos ou negativos avaliables respecto a isto.

Tampouco é estraño que os artistas comisaríen exposicións ou que nalgunhas prácticas artísticas os límites entre as dúas disciplinas se tensionen ou ata se dilúan. Ambas as figuras basean a súa relación nunha sorte de interlocución aberta e porosa que resignifica e abre novas perspectivas en cada proxecto expositivo. En calquera caso, Juan de Nieves e Álvaro Negro intentarán abordar a cuestión do proxecto expositivo desde unha análise das súas posibilidades, ben sexa desde a narración, ben sexa desde o despregamento poético. As dúas opcións parecen hoxe metodoloxías máis frutíferas para o artístico que o paradigma cronolóxico e historicista.

Imaxe da portada: Vista da exposición *Narrativas Monumentales*, comisariada por Álvaro Negro no MAC Gas Natural Fenosa, 2015-16

# Programa

18:00 horas
Presentación
**Sofía Santos** e **Rosario Sarmiento**, coordinadoras da xornada

Conversa
**Álvaro Negro**, artista visual e comisario independente
**Juan de Nieves**, comisario independente

Modera: **Rosario Sarmiento**, xestora cultural, comisaria de exposicións e integrante da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do CCG

**Organiza**
Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)
Consello da Cultura Galega

**Coordina**
Sofía Santos Pérez
Rosario Sarmiento

**Información**
A actividade non será presencial.
Os contidos estarán dispoñibles no noso web e na nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerán na Mediateca para consultas futuras.
Non é necesaria inscrición previa.

**Máis información**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

**Organiza:**

Consello da Cultura Galega